

## **SESIÓN ORDINARIA DE 30 DE DICIEMBRE DE 2010**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e oito minutos do día trinta de decembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D<sup>a</sup> Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, dona Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Non asiste dona Dulce María Neira Fraga.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DÍA 20 DE DICIEMBRE DE 2010.**

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 20 de decembro de 2010, cuxa copia se remitiu aos Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

### **2.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE CON NÚMERO DE REXISTRO 4416 E 4418**

Iníciase o debate coa exposición e defensa, polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, da moción presentada con data de 23 de decembro de 2010 e número de rexistro de entrada 4416, do seguinte teor literal:

*“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda D!:*

*O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

### *MOCIÓN:*

*A situación na que se atopan as paradas do bus no Concello de Outeiro de Rei, e deficitaria, con especial mención a que se atopa na parroquia de Outeiro de Rei.*

*Nesta lexislatura, o noso Grupo Municipal, solicitou a construción dunha parada de buses, subvencionada, pola Consellería de Ordenación do Territorio, algo que parece ser o Concello non tivo en conta.*

*A situación actual, é preocupante debido a que hay un gran número de persoas que fan uso do transporte público, polo tanto teñen que facer uso dela, esperando dunha maneira incómoda e a intemperie, así mesmo xerándose unha situación de risco, pois teñen que coller o bus no arcén da estrada.*

*Dende este grupo Municipal, levamos sempre a nosa preocupación pola seguridade dos veciños de Outeiro de Rei, e algo que nos parece moi importante, A PREVENCIÓN.*

*Por todo o anteriormente exposto, propono o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,*

### *ACORDO:*

*A realización dunha parada de bus axeitada as condicións, e ao número de personas que fan uso dela, a ubicar no núcleo de Outeiro de Rei, que evite as situacións indesexables anteriormente citadas”.*

Rematada a defensa da moción polo voceiro do PSdG-PSOE, intervén o sr. Arcadio, que solicita aclaracións sobor o contido concreto da proposta. O voceiro do PSdG-PSOE expón ditas aclaracións.

O sr. Alcalde informa que, precisamente onte asinouse o convenio para o transporte metropolitano. Asemade afirma que as paradas que agora existen no núcleo de Outeiro son das mesmas características que as que hai nas parroquias e que, atendendo ao servizo que se presta a día de hoxe, cumpren razoablemente a súa función.

Agora ben, unha vez se poña en marcha o servizo de transporte de interés metropolitano será necesaria a realización de un tipo de parada totalmente diferente, que permita a conexión das distintas liñas de autobús de interés metropolitano e de interés municipal previstas no convenio. É por iso polo que ata agora non se modificaron as paradas existentes, xa que a entrada en vigor do novo servizo esixirá replantearse as características e ubicación da mesma.

Polo tanto, unha proposta como a que trae o PSOE é totalmente electoralista, xa que se trae a sabendas de que onte se asinou o convenio de transporte de interese metropolitano e que como consecuencia deste convenio se modificarán no seu día paradas existentes en Outeiro.

Por iso anuncia o rechazo da moción, se ben puntualiza que non porque non se vaia a facer nada, senón porque o que se ten que facer e se vai facer e máis do que propón o PSOE.

O voceiro do PSdG-PSOE afirma que, cando dí “parada de bus” fai referencia a unha parada para varios buses, xa que o que se pretende é a construción dunha parada coma a que ten, entre outros, Pedrafita do Cebreiro. É por iso polo que a razón de que se presente esta moción é, precisamente, a sinatura do convenio do transporte de interese metropolitano, xa que é consciente de que a sinatura do convenio esixe a construción dunha nova parada.

O voceiro do BNG diríxese ao sr. Alcalde para preguntarlle polas fontes de financiación da nova parada, así como sobor o prazo de entrada en funcionamento efectivo das liñas de interese metropolitano e de interese municipal.

O sr. Alcalde resposta que a construción se financiará con cargo a aportacións de ámbalas dúas Administracións, a través da sinatura do correspondente convenio de colaboración.

No tocante á data de posta en funcionamento das liñas, recorda que quen coordina o servizo é a Xunta de Galicia, quen tamén financia unha parte importante do mesmo. E dende a Xunta afirmaron que, máis ou menos, entraría en funcionamento no próximo trimestre.

Volvendo ao contido da moción, asegura que, de arranxar as paradas actuais sen esperar á entrada en vigor do convenio correríase o risco de que o feito non servese de nada.

Alude as palabras do voceiro do PSOE, quen, na liña do seu partido, vota a culpa de tódolos males aos gobernos do PP de fai sete anos e atribue tódolos bens a súa xestión. Pero recorda que nin a suba da luz é culpa do goberno do PP nin o presente convenio foi asinado nin promovido polo bipartito, xa que se impulsou co goberno de Fraga e se asinou no de Feijoo. O único que fixo o PSOE foi “marear a perdiz”.

E se o texto da moción inducía a pensar que era electoralista, a defensa que de ela se fai polo voceiro do PSOE xa non deixa lugar a dudas.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor da moción, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, unha abstención pertencente ao voceiro do grupo municipal do BNG, e seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

A continuación, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE aborda a exposición e defensa da moción presentada con data de 23 de decembro de 2010 e número de rexistro de entrada 4418, do seguinte teor literal:

*“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda D!:*

*O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 511997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 1111999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :*

#### *MOCIÓN:*

*O Concello de Outeiro de Rei, non ten Regulamentación algunha respecto as actuacións e medidas a seguir no caso de ocorrer algunha situación de incendio ou catástrofe de índole natural ou outra.*

*Permite polo tanto que nunha situación de alto risco, dea lugar a que as actuacións a seguir sexan de maneira improvisada, tanto material como economicamente, non tendo un baremo establecido previamente, para cada unha das situacións.*

*Dende este grupo Municipal, levamos sempre a nosa preocupación pola seguridade dos veciños de Outeiro de Rei, e algo que nos parece moi importante, A PREVENCIÓN.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponho o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,*

#### *ACORDO:*

*A elaboración dunha ordenanza onde se regulen e establezan as medidas oportunas, en caso dunha situación de incendio, ou situacións catastróficas de tipo natural, na que se inclúa unha medida inicial, que poña a disposición dos afectados, unha cantidade mínima de 1.500 euros de maneira inmediata”.*

Rematada a defensa da moción polo voceiro do PSdG-PSOE, intervéñ o sr. Arcadio, quen pon en dúbida que seña necesario facer unha regulación para cada cousa que fai o concello, e incluso que as actuacións que se propoñen na moción non sexan funcións propias da Xunta de Galicia ou que o Concello teña capacidade para levalas a cabo.

Tampouco coñece qué criterio se seguiu para fixar a cantidade mínima de 1.500 euros, polo que conclue que, se ben é interesante, debería afondarse algo máis no asunto.

Pola súa banda, o sr. Alcalde expresa as súas dúbidas acerca do punto da moción relativo a cantidade mínima a ingresar a cada afectado, polo que solicita a emisión polo sr. Secretario de informe verbal ao respecto.

O sr. Secretario informa desfavorablemente dito punto, en base aos seguintes argumentos:

- A consignación dunha contía mínima anual sen a certeza ou razoabilidade da súa execución efectiva atenta contra a normativa orzamentaria municipal.

- O establecemento dunha contía mínima por afectado de 1.500 euros, sen ter en conta o importe dos danos ou perxuízos efectivamente soportados tampouco é legal, xa que se ampararía o outorgamento de achegas superiores aos danos soportados, o que é contrario a lexislación de achegas públicas.

- Por outra banda, o instrumento normativo proposto na moción (ordenanza municipal) para prever “*as actuacións e medidas a seguir no caso de ocorrer algunha situación de incendio ou catástrofe de índole natural ou outra*” non é a axeitada, xa que tanto a Lei estatal 2/1985, sobre Protección Civil coma a Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia esixen que tales medidas se incluan no seno dun Plan de emerxencias autonómico e, no seu caso, municipal, formulado e tramitado de conformidade con tales leis, pero en ningún caso nunha ordenanza municipal.

O sr. Alcalde conclúe que o informe do Secretario xa sería dabondo como para xustificar o rexeitamento da moción, se ben dí coincidir co voceiro do BNG no feito de que ante unha catástrofe, as posibilidades de actuación, financeiras ou de outra índole, son realmente limitadas e insuficientes como para actuar con eficacia.

Outra cousa ben distinta é o caso de que, por un accidente illado coma o incendio ou ruina da casa dalgún veciño, e sempre que as circunstancias socioeconómicas dos afectados o aconsellen dende un punto de vista social, o Concello intente paliar os danos, nun primeiro momento na extinción do lume, e nun segundo momento, e cos informes sociais debidos, financiando a reconstrucción para acadar un mínimo de habitabilidade.

Pero a capacidade económica do Concello non pode soportar o financiamento dun plan de emerxencias e dispor de medios técnicos dos que carecemos e manter aberta unha partida económica permanentemente que, aínda que fose legal, xurdiría o problema de cómo distribuíla, xa que nuns casos 1.500 euros é demasiado e noutros demasiado pouco.

O voceiro do PSdG-PSOE afirma que, senembargo, no Pleno anterior afirmouse que existía unha partida expresa para estes casos no seo do Plan Concertado.

O Secretario afirma que dita partida é a de emerxencia social, que é un concepto integrado no Plan Concertado de Servizos Sociais e que non está vencellada á existencia dunha catástrofe, senón a achegas ou actuacións sociais.

O Alcalde engade que dita partida está íntimamente vencellada á capacidade económica dos beneficiarios, como dí o propio nome “emerxencia social”, xa que non é o mesmo que lle arda a palleira a unha familia sen recursos para subsistir que a quen ten unha capacidade económica suficiente.

O voceiro do PSOE conclúe que entón existe una partida para iso, e pregunta ao Secretario se non pode regular o outorgamento mediante ordenanza.

O Secretario resposta que a partida non é para situacións de emerxencia ou catástrofe senón para servizos sociais, e que as actuacións en situacións de emerxencia non se poden regular en ordenanza, senón nun Plan de Emerxencias.

Por outra banda, insiste en que o Concello non pode indemnizar calquer dano que sufran os particulares nos seus ben e dereitos, aínda no caso de catástrofes, xa que o Concello non pode actuar coma unha aseguradora universal.

O sr. Alcalde afirma que, con independencia das cuestións legais, o que non se pode facer é axudar nestes casos por igual a unha señora viuda en paro que a un matrimonio no que un dos membros gaña 4000 euros e o outro 3000 e darlles por igual en ambos casos 1.500 euros.

Iso é totalmente inapropiado, e o que hai que facer é valorar, non só o dano, senón as circunstancias socioeconómicas de quen o sofre, e iso esixe un estudo caso por caso.

E un concello coma este non pode ter unha partida paralizada tódolos anos á espera de que suceda algo, o que haberá que facer, no caso de que ocorra, será mobilizar os recursos dispoñibles aprobando, se é preciso, unha operación de modificación de crédito.

Insiste en que ao grupo municipal do PP lle parece totalmente inxusto prever unha achega de 1.500 euros por igual e sen ter en conta a capacidade económica do perxudicado.

O voceiro do grupo municipal do BNG dí que, se tal e coma está redactada a moción non se axusta ao ordenamento xurídico, non se pode aprobar, outra cousa é que, de xurdir un evento catastrófico, deba darse participación a tódolas forzas políticas para axudar a saír do problema.

Puntualiza o Alcalde que non se pode actuar de igual xeito se caen o 10% das casas de Outeiro por un terremoto que si lle arde a palleira a un veciño. Dende tódolos puntos de vista, político, social, económico, técnico e xurídico, as vías de acción son totalmente diferentes, polo que o contido da moción é irrazonable.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor da moción, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, unha abstención

pertendente ao voceiro do grupo municipal do BNG, e seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

### **3.- ASUNTOS DE URXENCIA, ROGOS E PREGUNTAS**

A instancias do sr. Alcalde, o voceiro do grupo municipal do BNG aborda a exposición e defensa da urxencia da moción presentada con data de 27 de decembro de 2010 e número de rexistro de entrada 4432, do seguinte teor literal:

#### *“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Os orzamentos elaborados pola Xunta de Galiza para 2011 recortan drasticamente os recursos destinados ás políticas sociais e, nomeadamente, as transferencias que en materia social realiza a administración galega aos concellos.*

*Xusto cando, por efecto da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender as persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, o PP na Xunta de Galiza, por medio dos orzamentos, ven conxeiar para 2011 as partidas dedicadas a estas persoas, como son as prestacións sociais de carácter periódico destinadas a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza Beles, como a renda de integración social de Galiza (RIEGA); as Axudas de Emerxencia Social; o Servizo de Asistencia no Fogar e as destinadas ao financiamento dos Plan Concertado e de Servizos Sociais Comunitarios.*

*Ademais o goberno do PP na Xunta, reduce até deixar en 1,7 millóns de euros a transferencia ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para políticas de inclusión social, que este ano dispoñía de 4,1 millóns, eliminando así preto de 2,5 millóns de euros o que afecta fundamentalmente a centros de día e outros equipamentos sociais. As transferencias globais da Xunta de Galiza ao Consorcio son de 5 millóns de euros de recorte, pasando dun orzamento de 48,1 millóns a 43,1 millóns de euros.*

*Afectan estes graves recortes sociais tamén aos fondos destinados para o desenvolvemento do segundo Plan Galego de Inclusión Social. Só dedica 150.000 euros para atender as persoas sen fogar e deixa en pouco máis de 400.000 euros os fondos destinados aos concellos para o Plan de Atención a Comunidade Xitana.*

*Resulta tamén grave o feito de eliminar os fondos destinados aos concellos para programas de apoio ás familias, onde desaparecen preto de 1,2 millóns de euros e tamén se eliminan os fondos destinados aos equipos de inclusión social das cidades de Galiza e o Consorcio das Mariñas, onde desaparecen, así mesmo, preto de 1,2 millóns de euros,*

*A Xunta de Galiza e o Parlamento galego deben resolver que os orzamentos para 2011 aseguren os recursos necesarios para que os concellos sigan ofrecendo á*

*sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos, e en concreto:*

*- Incrementar nunha porcentaxe mínima do 50% as partidas destinadas ás rendas de integración social (RISGA), as axudas de emerxencia social e ao Servizo de Asistencia no Fogar.*

*- Dedicar, como mínimo, ao Plan Concertado e ao Programa de Servizos Sociais Comunitarios, as cantidades consignadas nos orzamentos de 2009 (20 millóns de euros e 10 millóns de euros, respectivamente).*

*- Dedicar unha partida mínima de 5 millóns de euros ao desenvolvemento do segundo Plan Galego de Inserción Social a través das oficinas de I+B, dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Iguaidade e Benestar,*

*- Dedicar, como mínimo, 1 millón de euros á execución do Plan Especial de Atención a Comunidade Xitana.*

*- Restabelecer e incrementar nunha porcentaxe como mínimo do 20%, respecto ao consignado nos orzamentos de 2010, os fondos destinados aos concellos para apoio as familias e aos convenios para os equipos de inclusión social das rede 8erá8des e do Consorcio das Mariñas.*

*E, finalmente, os concellos galegos deben, consecuentemente, comprometerse a manter e respectar 8erá recorte algún, de cara aos orzamentos de 2011, os investimentos en servizos sociais previstos nos orzamentos de 2009 ou 2010, segundo o último orzamento aprobado.*

*Polo o exposto, a grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

#### *ACORDO*

- 1- Instar á Xunta de Galicia e ao Parlamento Galego a que, nos orzamentos para 2011, aseguren os recursos necesarios para que os Concellos poidan ofrecer á sociedade os servizos e prestacións sociais que ésta demanda e necesita, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos. Concretamente, os recursos destinados ás rendas de integración social, axudas de emerxencia social, servizo de axuda no fogar, plan concertado e programa de servizos sociais; desenvolvemento do plan galego de inserción social, atención a comunidade xitana, a persoas sin fogar, apoio as familias e aos equipos de inclusión social.*
- 2- Instar ao goberno local a que manteña e respecte sen recorte algún os investimentos en servizos sociais previstos no último orzamento aprobado”.*

*Rematada a defensa da urxencia polo voceiro do BNG, sométese a votación dita urxencia.*



Realizada a votación, a urxencia resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

Iníciase a defensa da moción polo voceiro do grupo municipal do BNG.

Rematada a defensa, fai uso da palabra o sr. Alcalde, quen comprende que se traía esta moción nunha situación coma a que está caendo na que moita xente o está pasando moi mal.

Agora ben, polos motivos que a continuación exporá, oferta a aprobación da moción si se aproba a seguinte enmenda transaccional modificativa da parte dispositiva da moción, que quedaría redactada como sigue:

“Instar a Xunta de Galicia a que continúe preservando as prestacións dos servizos sociais básicos para a cidadanía e, entre eles, que manteña o investimento no Plan Concertado e incremente as axudas destinadas a RISGA e as axudas e emerxencia social.

Istar ao Goberno do Estado a que rectifique as súas políticas antisociais recollidas no seus orzamentos xerais do Estado para o exercizo 2011 e, en particular, para o caso de Galicia, e incremente as súas aportacións para o Plan Concertado e que financie na porcentaxe legal derivada da Lei de dependencia”.

Porque é totalmente impresentable que o Estado aprrobe unha lei coma a de dependencia na que se día que vai financiar o 50% da contía das prestacións e logo financia o 25%.

O voceiro do grupo municipal do BNG rexeita a enmenda, en tanto se ben é certo que estamos nun marco de recortes orzamentarios, ditos recortes deben priorizarse, deixando a salvo as políticas sociais que son as máis necesarias nestes intres. E isto lle incumbe tanto á Xunta de Galicia coma ao Goberno do Estado.

E non se pode tolerar que, se a propia Xunta recoñece que hai un incremento moi importante en risco de exclusión social, que se conxele a partida orzamentaria, e o que haberá que facer será recortar noutros gastos.

O sr. Pardo afirma que esta moción non está pensada para axudar aos máis necesitados, senón para facer demagogia.

En efecto, a moción diríxese unicamente contra a Xunta e o Concello, pero non dí nada contra quen realmente incumpre: o Goberno do Estado (apoiado no seu día polo BNG).

E recorda que os orzamentos da Xunta de Galicia este ano tiveron que sufrir un recorte de 1.176 millóns de euros, xa que o anterior bipartito PSOE-BNG gastaron o que non tiñan, e isto acompañado da prohibición as CCAA da concertación de operacións de endebedamento, da redución das aportacións finalistas estatais, a devolución da liquidación negativa do ano 2008 (2.600 millóns de euros que se gastaron

o goberno bipartito), incumprimento da obriga de financiación da Lei de dependencia....

E a pesar deste escenario desolador creado polo PSOE e quenles lle apoian, o 75% dos orzamentos da Xunta de Galicia está adicado a gasto social, e prevén 25 millóns de euros para a RISGA, incrementado a súa contía con respecto ao ano pasado nun 3% (600.000 euros).

E no que toca ao Plan Concertado, mentres o Estado aporta 8 millóns a Xunta aporta 15. E se hai unha redución do Plan Concetado é porque se reduce o salario dos traballadores, ao igual que dos restantes traballadores municipais.

E polo que respecta ao Concello, éste mantén a súas aportacións, pese a que se no ano 2008 percibiu 739.000 euros en concepto de participación nos tributos do Estado, sen baixar poboación, este ano pasaremos a 590.000 euros.

E todo isto faise mentres a Xunta mantén a aportación aos Concellos, e mentres o Goberno da Nación retira os 426 euros aos parados de longa duración, mentres se acada unha cifra de 5 millóns de parados, metres sube o gas e a electricidade, mentres sube o IVE un 2%, mentres se eliminan as deducións á adquisición de vivenda habitual ás rendas superiores a 24.000 euros.

E todo mentres se fai un plan coma o Plan E, de 15.000 millóns de euros que despois tiveron que pagar pensionistas e funcionarios entre outros colectivos.

E mentres a Diputación Provincial gasta 7 millóns de euros no Plan Lugo Emprega do que únicamente sairán 700 contratos de seis meses (de febreiro a agosto), e ahí se acabou todo. Iso si, o Plan o sacan tres meses antes das eleccións.

E apesares desto, ao BNG únicamente se lles ocorre dirixirse contra a Xunta de o Concello (únicas Administracións que manteñen os seus compromisos sociais) nun xogo político que, a postre, é xogar coa xente que está a sufrir esta gravísima crise económica. Isto é impresentable.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con un voto a favor da moción, pertencente ao concelleiro do grupo municipal do BNG, tres abstencións pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do BNG, e seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

### **3.- ROGOS E PREGUNTAS**

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 30 de decembro de 2010 e numero 4526, do seguinte teor literal:

*“ARCADIO LOMBAO ROMÁN E DULCE NEIRA FRAGA, como concelleiros integrantes do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outerio de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa resposta por parte da Alcaldía.*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*Fai dous meses aproximadamente que as instalacións do campo de fútbol de San Lourenzo de Aguiar, que ven utilizando os últimos anos a Asociación deportiva Matela, foron expoliadas por unhos descoñecidos.*

*Según a versión de membros da súa directiva, foron sustraídos dous quentadores de auga e varios centos de metros de instalación eléctrica, que é a que leva a enerxía eléctrica a tódalas instalacións, incluídas as de iluminación do campo.*

*Esto supón un problema para o equipo que o utiliza ,sobre todo para os adestramentos, que se fan pola noite, e máis aínda en estas datas de poucas horas de luz solar.*

*Por todo isto presentamos as seguintes.*

*PREGUNTAS:*

*1. Ten o Concello intención de repoñer o sustraído, para que as instalacións queden na situación que estaban con anterioridade?*

*2. Se é así, cándo teñen pensado facelo?”*

O sr. Alcalde resposta nos seguintes termos:

O Concello, tal e como se comprometeu, arranxará as instalacións do Campo de San Lourenzo cando a dispoñibilidade económica o permita, xa que o gasto previsto é elevado (10.000 ou 12.000 euros) e nunha situación de crise coma a que vivimos debemos priorizar a asignación de recursos.

En calquer caso insiste en que o Concello amañará o campo e que se poderá entrenar pola noite.

E non habendo máis asuntos a tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita.      Asdo.: José Pardo Lombao